



## CONCURSO DE MÉRITOS EXCEPCIONAL

### Información da reunión técnica coa Consellaría previa á publicación da baremación provisional

A CIG-Ensino participou o xoves 20 de abril nunha reunión convocada pola Subdirección de Centros e Recursos Humanos para proporcionar información a todos os sindicatos sobre a situación actual da baremación, dar conta dunha serie de incidencias detectadas e trasladar consideracións sobre posíbeis reclamacións que se poidan producir á baremación provisoria. Antes de nada, convén lembrar o que resta neste proceso:

- **Publicación da puntuación provisional: na semana do 24 de abril.**
- **Prazo de 10 días hábiles para reclamar.**
- **Resolución das reclamacións e publicación das puntuacións definitivas.**
- **Publicación da listaxe provisional de persoas propostas para superar o procedemento selectivo, por corpos e especialidades.**
- **Prazo de 5 días hábiles para optar por unha especialidade no caso de acadar a puntuación para ingresar por máis de unha. De non facer opción adxudicárase praza na última especialidade na que se prestou servizos, cando sexa o caso, e, na súa falta, pola especialidade con menor código de identificación.**
- **Publicación definitiva da lista de persoas propostas que superan o procedemento selectivo por corpos e especialidades e quendas.**

Sobre a información proporcionada pola Consellaría, a CIG-Ensino opta por facela pública tal e como se detallou na reunión, procurando que sirva de axuda a todas as persoas que participan neste concurso excepcional de méritos (**foron baremadas 6000 persoas segundo a administración**).

Tendo en conta a información das incidencias, especialmente das relacionadas con problemas ou erros coa documentación presentada, a CIG-Ensino aconsella a todas as persoas participantes o seguinte:

- ☑ **Ler con atención esta información.**
- ☑ **Revisar a última instancia rexistrada** (de cada especialidade se se participaba por varias)
- ☑ **Comprobar se se está afectada ou afectado por algunha das incidencias detalladas.**
- ☑ No caso de que así sexa e algunha persoa requirise solicitar a unha entidade ou administración diferente nova certificación, **é moi recomendábel facelo xa por se o prazo dos dez días hábiles de reclamación non fosen dabondo.**

Por exemplo: en caso de problemas coas certificacións de notas medias de titulacións por parte dunha universidade ou centro educativo pode ser que non as expidan con toda a axilidade que se precisa.



**AFÍLIATE PARA SERMOS MÁIS FORTES**



# INFORMACIÓN DETALLADA DO PROCESO PROPORCIONADA POLA CONSELLARÍA

## Publicación da baremación provisional

A publicación da baremación vana facer tal e como solicitou a CIG-Ensino na Mesa Sectorial, incorporando a maior información posíbel.

- Van publicar **puntuacións por corpo, especialidade e quenda.**
- A puntuación figurará dividida por **apartados, epígrafes e subepígrafes.**
- A ordenación será por **puntuación total decrecente.**
- Vai haber un **cadro co tempo de servizo efectivo no mesmo corpo e especialidade**, con anos, meses e días: este é o **último criterio de desempate.** No caso das mestras e mestres/as con tempo traballado na especialidade de Orientación así como do profesorado de Servizos á Comunidade en Prácticas e Actividades é posíbel que non apareza computado nesta información de tempo traballado mais si se vai baremar e figurará finalmente.
- Pretenden publicar tamén o baremo total alegado por cada persoa, é dicir, **a autobaremación.**

## Resolucións

- No prazo dos 10 días hábiles de reclamación **non se poderán alegar novos méritos.**
- Poderanse **xustificar méritos alegados e non xustificandos, ou xustificandos incorrectamente**, como unha subsanación de erros.
- A **documentación dos méritos non baremados ou baremados incorrectamente hai que presentala de novo.**
- **Non se poderá obter unha puntuación total maior á alegada na autobaremación** xa que, como figura na convocatoria, **a solicitude de participación, incluída a autobaremación, é vinculante para a persoa participante**, supeditada á verificación desta pola Comisión de Selección.

- Poderase obter unha **puntuación distinta e maior da alegada nos diferentes epígrafes ou subepígrafes**, mais **eses cambios non poderán alterar o total da autobaremación.** Exemplo: un docente cometeu dous erros na autobaremación, puntuouse de menos nunha titulación de 2º ciclo e de máis na formación recibida. A Consellaría corrixiu de oficio ambas mais como resultado destes cambios non se pode superar a nota total da autobaremación.

- Deberá presentarse **unha reclamación por cada especialidade** na que se participa, **aínda que a documentación é suficiente que se achegue só unha vez.** Exemplo: mestra que participa por PT e AL e ten que xustificar unha nota media e quere reclamar en ambas especialidades; pode facelo e só precisa achegar ese certificado nunha das reclamacións.

- Haberá un **documento normalizado** para as **reclamacións** (PDF).

- Publicarán na web o procedemento de reclamación.

- Será a través da **sede electrónica da Xunta**, indo á **última instancia presentada por especialidade**, no caso de ter participado por máis dunha. Premendo en documentación, descárgase o documento normalizado (no que se terá que indicar corpo e especialidade) e despois prémese en alegacións. Débense cubrir os datos, anexar o PDF do modelo normalizado e a xustificación documental, asinar e presentar na sede electrónica, asegurándose de ter o xustificante do rexistro da alegación.



## Incidencias na autobarefacción

A Consellaría expuxo determinados erros e incidencias que foron detectando. Nalgúns casos foron corrixidos de oficio.

### Na tramitación da participación

No trámite de participación moitas persoas terían alegado méritos mais non incluíron as modificacións en datos persoais nin achegaron a documentación. Nestes casos poderán subsanar o erro mais deben ter en conta a limitación da puntuación total da súa autobarefacción.

Tamén habería persoas que alegaron méritos que non constaban en datos persoais sen facer a solicitude de modificación en “datos persoais”. Non obstante, entregaron a documentación. A administración está gravando os datos en “datos persoais” e polo tanto van ser baremados. Se non lle aparecesen, poden reclamálo.

Hai persoas que alegaron méritos e incluíronos en “datos persoais” pero non entregaron a solicitude de modificación de “datos persoais” na Sede. A Consellaría está a pechar esas instancias e serán baremadas.

### No baremo

#### No apartado 1.1.

- A Consellaría advirte de incidencias pola autobarefacción de servizos prestados noutros corpos e especialidades. Acontece especialmente nas especialidades do corpo de catedráticos/as de música e artes escénicas e en especialidades dos corpos 590 e 592 de igual nome (inglés, francés...)
- Hai autobarefaccións que computan no 1.1 o tempo traballado en centros públicos non dependentes da administración educativa sen nomeamento da Consellaría (conservatorios de concellos, centros dependentes das deputacións...) cando o apartado que corresponde é o 1.4.
- A data tope para os méritos alegados é o **28 de outubro do 2022** e non até a data de remate do prazo de solicitudes.

- Sobre os **servizos prestados** nos Conservatorios Superiores de Música para prazas do **corpo de cátedras de música e artes escénicas**:

- Os servizos prestados en comisión de servizos barémanos como prestados noutros corpos (1.3) xa que o nomeamento que tiñan era no corpo de profesorado e non no de cátedras (con independencia de que cobrasen un complemento compensador).
- Os servizos prestados como funcionariado de carreira do corpo de catedráticos/as de música e artes escénicas antes de ser anulados por sentenza son puntuados como servizos prestados no corpo de catedráticos/as.
  - Os servizos prestados como persoal interino con nomeamento no corpo de catedráticos/as puntúase como servizos nese corpo.
  - Os servizos prestados como persoal interino nestes centros con nomeamento como profesorado puntúan no 1.3.

**A CIG-Ensino  
recomenda  
cotexar a  
autobarefacción  
realizada coa puntuación  
que publique a Xunta e  
ante o mínimo erro  
detectado presentar  
reclamación**

- Servizos prestados na especialidade de **orientación no corpo de mestres/as**: puntúan no 1.1 os servizos prestados desde que se consolidou na lista de procedencia (sempre e cando sexa a especialidade pola que se presenta). Os servizos anteriores á consolidación puntúan no apartado 1.2. **Exemplo: unha mestra traballou por Orientación e preséntase a Primaria. Puntúanlle como tempo traballado en Primaria desde que consolidou na lista de Primaria (1.1). Se unha persoa nunca consolidou na especialidade á que se presenta o tempo traballado en Orientación irá ao 1.2.**

- **Servizos prestados no corpo de PTFP nunha das 19 especialidades integradas en PES**: os servizos prestados puntúan pola especialidade na que se concursa no 1.1. Os servizos prestados nunha especialidade distinta, pero das 19 do antigo corpo de PTFP que pasan a PES puntuará como servizos nunha especialidade doutro corpo, no apartado 1.3. **Exemplo: unha persoa da especialidade de Procesos Comerciais que se presente a Procesos Comerciais puntúa o tempo traballado nesa especialidade no corpo de PES. Se se presenta a Administración de Empresas ou a PXA puntúa como tempo traballado noutro corpo, é dicir, no 1.3.**

- Empregan **o mesmo criterio para as 10 especialidades integradas no corpo de PESSFP.**

[🏠 Trámites](#) > / [Guía de procedementos e servizos](#) > / [Detalle procedemento](#)

## ED001B - Procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso mediante concurso de méritos a corpos de persoal docente non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia.

## No apartado 2.1. (Nota media expediente académico)

- Hai incidencias con persoas que non terían presentado certificación académica oficial ou que presentaron unha certificación xustificativa que non se axusta á normativa recollida na convocatoria, en moitos casos porque está expedida hai moitos anos. Debe verificarse que na certificación consta a normativa de aplicación correcta (**Real Decreto 1125/2003 ou o equivalente en ensinanzas artísticas**)

- **Non se barema a nota media dunha titulación equivalente a efectos de docencia cando a persoa ten a titulación requirida con carácter xeral para o ingreso.** Exemplo: se unha persoa alega a nota media dun título de Técnico/a Superior de FP nunha das 10 especialidades do corpo de PESSFP nas que se pode acceder con esa titulación e ten unha titulación de Grao non se lle puntúa a nota media do título de TSFP xa que a nota media ten que ser da titulación ordinaria para o ingreso.

- Detectaron incidencias na certificación da Escola de Hostalaría e Turismo de Compostela xa que a certificación non se fai con referencia ao RD 1125/2003.

- A certificación ten que estar completa: non bareman se falta algunha folia.

- Alégase nalgúns casos a nota media dunha titulación que non permite o acceso ao corpo, como no caso do título de técnico/a superior para especialidades para as que non é válida.

## No apartado 2.2 (Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios)

- **Só se puntúa un título.** A Consellaría informa de que o MEFP ten un criterio diferente.

- **Non se bareman mestrados propios das universidades (non oficiais).** A administración traslada ese mestrado ao apartado de formación.

- **Nas especialidades nas que se esixe tutela investigadora** non se barema o título que se alega para certificar esa capacidade de tutela (doutoramento, mestrado ou DEA).

- No apartado 2.2.3 só se puntúa o premio extraordinario de doutoramento, non de licenciatura

## No apartado 2.3 (Outras titulacións universitarias)

- Nas especialidades dos corpos do subgrupo A2: cando se presenta unha **licenciatura**, toman os tres primeiros anos como unha titulación de primeiro ciclo e puntúan os dous últimos anos un punto como titulación de segundo ciclo.

- O título de mestre ou mestra de EXB e o de Grao en Educación Primaria ou Infantil son consideradas dúas titulacións diferentes, polo que **o Grao barémase como titulación de segundo ciclo**

- Non se bareman os diplomas profesionais xa que non son titulacións universitarias.

- Cando unha persoa vexa que non lle bareman un 1º ciclo terá que presentar unha certificación de estudos para acreditar que non se accedeu desde a diplomatura e que cursou a licenciatura completa.

## No apartado 2.4 (Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica)

- Se se alegou un título de **profesor/a superior de música do Plan do 66**, non se pode alegar no 2.4. o título profesional, xa que era requisito daquel Plan para obter o superior. Se esa **titulación é xa do plan LOXSE ou LOE** si se barema o título profesional, porque non era requisito.

- No 2.4.b non puntúan o nivel B2, avanzado extinguido. **Só puntúan o C1 ou C2.** Non se puntúa o C1 de galego xa que é requisito de acceso pero si o C2.

- No 2.4.c **non se puntúan títulos “equivalentes a efectos de docencia”** (por exemplo antigos títulos de FP2 ou de técnicos especialistas, xa que a equivalencia só é válida para poder impartir docencia ou presentarse a unhas oposicións).

- **Non se puntúa o título superior de FP se foi empregado para acceder á universidade.** É preciso acreditar que se cursou o Bacharelato. A Consellaría si baremou este título de FP se comprobou que era posterior ao acceso á universidade.

- No 2.4.e **non se bareman títulos de adestradores/as deportivos/as** xa que non son títulos de técnico/a deportivo superior.

- No 2.4 e no 2.5 **o mesmo nivel de coñecemento**



**dunha lingua (C1 ou C2)** -aínda con distinta certificadora ou nun caso con título de EOI e cunha certificación dunha entidade privada- **só se puntúa unha vez.**

### No apartado 3.1 (oposicións aprobadas)

Na autobaremación detectaron dúas incidencias frecuentes: alegar oposicións aprobadas anteriores ao 2012 ou de especialidades distintas ás que se opta. En ningún destes casos serán baremadas.

### No apartado 3.2 (Formación permanente)

As reclamacións que se poidan presentar teñen que ser en cada especialidade, xa que a puntuación pode ser distinta ao ter que estar relacionada a formación coa especialidade a que se presenta. A Consellaría afirmou que foi flexíbel na formación que pode ser considerada transversal a todas as especialidades mais que non tivo en conta o que non está amparado polo baremo da convocatoria: xornadas, obradoiros, cursos inferiores a 20 horas..

## Renuncias

O Ministerio tiña intención de publicar a adjudicación provisional o 28 de abril mais todo indica que non o vai dar feito. Teñen a previsión de

poder resolver definitivamente nos dez primeiros días de xuño..

Nesas datas a Consellaría tamén espera poder ter todo resolto e **pretende pactar co MEFP para que as publicacións sexan nas mesmas datas ou en datas moi próximas para facilitar as renuncias e os correspondentes cambios.**

**O Ministerio entende que as persoas que obtiveron praza nunha convocatoria** (por exemplo Cataluña que xa publicou, en Galiza se publicase antes que o MEFP ou viceversa) **xa non poderían obter praza noutra convocatoria ao considerar que están pendentes de ser nomeadas funcionarias de carreira. A Consellaría coincide coa CIG-Ensino en que esta interpretación é totalmente incorrecta e que unha persoa non pode ser excluída dunha convocatoria por obter praza noutra e que terá que renunciar no prazo dos 5 días hábiles, correspondéndolle a praza que deixa á seguinte persoa por orde de puntuación.**

A Consellaría vai modificar a orde da convocatoria para **mudar a data do 31 de maio**, que figuraba como data tope para renunciar, para evitar problemas dados os retrasos nas datas previstas. Isto foi exactamente o que dixemos desde a CIG-Ensino na negociación da convocatoria polo que consideramos necesario facelo.



# CALENDARIO ESCOLAR 2023-2024

|  |                                                                |
|--|----------------------------------------------------------------|
|  | Inicio das clases en todas as etapas educativas                |
|  | Fin das actividades lectivas en EI, EP, EE, ESO, BAC, FP       |
|  | Fin das actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial |
|  | Días non lectivos (en vermello, os feriados oficiais)          |

DÍAS LECTIVOS TOTAIS: 178 (a falta de descontar 2 feriados locais)  
Previsión feriado autonómico: 17 de maio. Día do ensino: 7 de decembro

Distribución días lectivos: 1º trimestre: 69. 2º trimestre: 52. 3º trimestre: 57

15 días lectivos

| setembro 2023 |    |    |    |    |    |    |
|---------------|----|----|----|----|----|----|
| L             | M  | M  | X  | V  | S  | D  |
|               |    |    |    | 1  | 2  | 3  |
| 4             | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 |
| 11            | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18            | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25            | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |    |

21 días lectivos

| outubro 2023 |    |    |    |    |    |    |
|--------------|----|----|----|----|----|----|
| L            | M  | M  | X  | V  | S  | D  |
|              |    |    |    |    |    | 1  |
| 2            | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  |
| 9            | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16           | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23           | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30           | 31 |    |    |    |    |    |

21 días lectivos

| novembro 2023 |    |    |    |    |    |    |
|---------------|----|----|----|----|----|----|
| L             | M  | M  | X  | V  | S  | D  |
|               |    | 1  | 2  | 3  | 4  | 5  |
| 6             | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 | 12 |
| 13            | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20            | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27            | 28 | 29 | 30 |    |    |    |

12 días lectivos

| decembro 2023 |    |    |    |    |    |    |
|---------------|----|----|----|----|----|----|
| L             | M  | M  | X  | V  | S  | D  |
|               |    |    |    | 1  | 2  | 3  |
| 4             | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 |
| 11            | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18            | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25            | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

18 días lectivos

| xaneiro 2024 |    |    |    |    |    |    |
|--------------|----|----|----|----|----|----|
| L            | M  | M  | X  | V  | S  | D  |
| 1            | 2  | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  |
| 8            | 9  | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15           | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22           | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29           | 30 | 31 |    |    |    |    |

18 días lectivos

| febreiro 2024 |    |    |    |    |    |    |
|---------------|----|----|----|----|----|----|
| L             | M  | M  | X  | V  | S  | D  |
|               |    |    | 1  | 2  | 3  | 4  |
| 5             | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 |
| 12            | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19            | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26            | 27 | 28 | 29 |    |    |    |

16 días lectivos

| marzo 2024 |    |    |    |    |    |    |
|------------|----|----|----|----|----|----|
| L          | M  | M  | X  | V  | S  | D  |
|            |    |    |    | 1  | 2  | 3  |
| 4          | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 |
| 11         | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18         | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25         | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

21 días lectivos

| abril 2024 |    |    |    |    |    |    |
|------------|----|----|----|----|----|----|
| L          | M  | M  | X  | V  | S  | D  |
| 1          | 2  | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  |
| 8          | 9  | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15         | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22         | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29         | 30 |    |    |    |    |    |

21 días lectivos

| maio 2024 |    |    |    |     |    |    |
|-----------|----|----|----|-----|----|----|
| L         | M  | M  | X  | V   | S  | D  |
|           |    | 1  | 2  | 3   | 4  | 5  |
| 6         | 7  | 8  | 9  | 10  | 11 | 12 |
| 13        | 14 | 15 | 16 | 17* | 18 | 19 |
| 20        | 21 | 22 | 23 | 24  | 25 | 26 |
| 27        | 28 | 29 | 30 | 31  |    |    |

15 días lectivos

| xuño 2024 |    |    |    |    |    |    |
|-----------|----|----|----|----|----|----|
| L         | M  | M  | X  | V  | S  | D  |
|           |    |    |    |    | 1  | 2  |
| 3         | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  |
| 10        | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17        | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24        | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal